

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

O IES da Pontepedriña é un centro de titularidade pública localizado no barrio compostelán do mesmo nome, na saída natural da cidade en dirección sueste cara Ourense e A Estrada (Rúa Amor Ruibal, nº28). Ao tratarse dun centro educativo da periferia, o perfil socioeconómico do alumnado é relativamente diverso como consecuencia da súa procedencia, xa que mentres que unha parte importante procede dos barrios da contorna (Pontepedriña, Paxonal, Ensanche...), outra faino de zonas de carácter máis rural como poden ser os concellos limítrofes como Vedra, Boqueixón ou Teo. Ademais, nos últimos anos vense producindo un aumento importante na incorporación de alumnado procedente doutros lugares de Galicia, España ou de países estranxeiros.

Á variedade da procedencia, hai que engadir o aumento, nos últimos anos, do alumnado con necesidades educativas no centro, o que provoca unha maior diversidade na aula e medidas de atención aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado. Este aspecto, xunto con outros, trátase no punto 6 desta programación.

En canto ao curso de 3º da ESO, no presente curso componse por un total de 64 alumnos e alumnas repartidos en 4 grupos (A, B, C e D) da seguinte forma:

- 3ºA: 21 (12 alumnos e 9 alumnas).
- 3ºB: 21 (11 alumnos e 10 alumnas).
- 3ºC: 23 (11 alumnos e 12 alumnas).

No referente á materia, divídise nun total de 12 unidades, de tal xeito que se pretende estudar catro en cada unha das avaliacións.

En canto aos contidos, no curso de 3º predominan os relacionados coa Xeografía (10 unidades) fronte aos de Historia (2 unidades). Entre os primeiros, cabe destacar os relacionados co estudo, a distintas escalas, da actividade económica e os seus sectores, a globalización, os sistemas económicos, a distribución da riqueza ou o desenvolvemento sustentable entre outros. Ademais, dentro dos contidos da Xeografía tamén se estudará o medio físico e os movementos de poboación.

En canto ás unidades de Historia céntranse no estudo do século XVIII e de todos os cambios que se produciron como consecuencia das distintas revolucións.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O medio físico	Unidade na que se estuda a relación entre o medio físico e as actividades humanas, poñendo especial interese nas características do relevo, a hidrografía e das paisaxes bioclimáticas, así como nos problemas ambientais que se derivan das actividades humanas.	8	9	X		
2	A organización política dos Estados	Analizaranse os distintos tipos de Estados, os seus compoñentes e principais funcións, así como o seu papel no contexto internacional e relación ás grandes organizacións supranacionais como a ONU ou a UE.	8	9	X		
3	A organización económica	Aprenderanse cuestións básicas sobre a economía e o seu funcionamento como os compoñentes, as relacións, a distribución en sectores, os tipos de sistemas económicos, etc. Unha vez asentados estes coñecementos, analizarase o concepto de globalización e as súas implicacións actuais.	9	9	X		
4	A poboación: movementos migratorios e desafíos	Identificaranse os grandes fluxos migratorios actuais a distintas escalas (mundial, rexional e local) e as súas características principais tendo en conta as súas causas e as consecuencias que teñen para os lugares de orixe e os de destino.	9	9	X		
5	O sector primario e a produción de alimentos	Abordarase esta unidade partindo da importancia do sector como produtor de recursos naturais e alimentos. A continuación analizaranse as distintas actividades que o compoñen, poñendo especial fincapé na actividade agraria (factores, paisaxes, sistemas...), nos tipos de gandaría e nas características do sector pesqueiro.	9	9		X	
6	O sector secundario: evolución e problemas actuais	Tendo en conta o difícil equilibrio entre as actividades transformadoras e o medio natural, abordarase a unidade dende unha perspectiva evolutiva para logo analizar a situación actual das principais actividades do sector, á súa distribución espacial e os cambios e innovacións dos últimos anos.	9	9		X	
7	Os desafíos do sector terciario	Partindo do análise das características do sector, estudaranse algunhas das	9	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Os desafíos do sector terciario	actividades principais e as grandes transformacións que se veñen producindo como consecuencia das grandes innovacións tecnolóxicas en sectores como o do transporte e as telecomunicacións.	9	9		X	
8	A economía da UE	Tendo en conta a orixe e os obxectivos do proxecto europeo, abordarase o análise das características económicas da UE facendo especial fincapé nos grandes retos aos que se enfrenta na actualidade.	6	8		X	
9	Os sectores económicos de España	Analizaranse os distintos sectores económicos de España co obxectivo de comprender mellor as fortalezas e debilidades da nosa economía, así como os retos futuros que se deben abordar.	6	8			X
10	O desenvolvemento sustentable	Tratarase o concepto de desenvolvemento sustentable, valorando a súa importancia como modelo alternativo ao actual que prioriza o crecemento económico baseado na sobreexplotación dos recursos naturais e na desigualdade socioeconómica da poboación mundial.	9	8			X
11	O século XVIII e a crise do Antigo Réxime	Asentarase as bases para o estudo do mundo contemporáneo partindo do análise das características do Antigo Réxime no século XVIII. Analizaranse os grandes cambios que se produciron neste século, facendo especial mención ao caso de España e á Revolución francesa de 1789.	9	9			X
12	Orixe e características da Revolución industrial	Tendo en conta as diferenzas entre España e Europa, nesta última unidade do curso abordarase o fenómeno da Revolución industrial partindo das súas orixes en Gran Bretaña, ata súa expansión por toda Europa. Finalmente, valoraranse as consecuencias sociais e económicas do novo modelo produtivo.	9	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O medio físico	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica os principais elementos dunha paisaxe.	PE	70
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Recoñece a importancia dos espazos naturais protexidos na conservación da natureza.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Identifica as principais características do medio físico a distintas escalas.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza as características do medio físico dun lugar concreto.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Localiza unidades do relevo por medio de mapas ou do Google Earth.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elabora unha presentación sobre os aspectos físicos dun país.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> </ul>

### Contidos

- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización política dos Estados	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica os principais Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Identifica os principais compoñentes dun Estado.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Identifica os trazos do sistema político español.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece o papel solidario que realizan as ONG.	PE	70
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Recoñece os principais obxectivos das organizacións supranacionais da ONU e da UE.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece o papel solidario que realizan as ONGs.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identifica as principais institucións do Estado español.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza a organización política dun país concreto para a realización dunha presentación na clase.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Analiza a organización política dun país concreto para a realización dunha presentación na clase.	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Prepara unha presentación sobre a organización política dun país.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> </ul>

### Contidos

- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
3	A organización económica	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Coñece a existencia de distintos tipos de sistemas económicos no mundo.	PE	70
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Identifica algunhas das características principais da globalización.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da chegada dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Valora os aspectos positivos e negativos da globalización.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Comprende o funcionamento básico da actividade económica.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Describe a actividade económica dun país para a elaboración dunha presentación na clase.	TI	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Describe a actividade económica dun país para a elaboración dunha presentación na clase.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Describe a actividade económica dun país para a elaboración dunha presentación na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A euronrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A poboación: movementos migratorios e desafíos	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Recoñece os aspectos positivos da inmigración.	PE	70
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Valora o papel da poboación inmigrante nas distintas sociedades.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Identifica algúns dos trazos dos fluxos migratorios en España.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Identifica as principais causas dos movementos migratorios.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Identifica os principais fluxos migratorios no mundo actual.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza a características demográficas dun país para a súa exposición en clase.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Analiza a características demográficas dun país para a súa exposición en clase.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Analiza a características demográficas dun país para a súa exposición en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.
- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.
- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.
- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
5	O sector primario e a produción de alimentos	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica as características principais dunha paisaxe agraria.	PE	70
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Recoñece as características principais das actividades do sector primario.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Valora os principais problemas relacionados coas actividades do sector primario.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza as características do sector primario dun país para a súa exposición en clase.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Analiza as características do sector primario dun país para a súa exposición en clase.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Analiza as características do sector primario dun país para a súa exposición en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O sector secundario: evolución e problemas actuais	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Comprende algunhas das características principais do sector secundario.	PE	70
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza as características do sector secundario dun país para a elaboración dunha presentación en clase.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Analiza as características do sector secundario dun país para a elaboración dunha presentación en clase.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Analiza as características do sector secundario dun país para a elaboración dunha presentación en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Os desafíos do sector terciario	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Identifica algunhas das principais características das actividades do sector terciario.	PE	70
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Recoñece algúns dos principais efectos provocados polas actividades do sector terciario.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Analiza as características do sector terciario dun país para a súa exposición en clase.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Analiza as características do sector terciario dun país para a súa exposición en clase.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Analiza as características do sector terciario dun país para a súa exposición en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
8	A economía da UE	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Identifica algúns dos trazos principais da economía da UE.	PE	70
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Procura novas da prensa relacionadas coa economía da UE.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Procura novas da prensa relacionadas coa economía da UE.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elabora un artigo de investigación sobre un sector concreto da economía da UE.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Os sectores económicos de España	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Recoñece os principais trazos da economía española.	PE	70
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Investiga sobre un sector da economía española para a realización dun traballo en grupo.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Investiga sobre un sector da economía española para a realización dun traballo en grupo.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Investiga sobre un sector da economía española para a realización dun traballo en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> </ul>

### Contidos

- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
10	O desenvolvemento sustentable	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica algúns dos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable e valora a súa importancia.	PE	70
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Comprende o concepto de desenvolvemento sustentable.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Recoñece algúns dos problemas derivados do actual modelo de crecemento.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica algúns dos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable e valora a súa importancia.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Comprende a existencia de distintas realidades socioeconómicas no mundo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elabora un proxecto de investigación relacionado con algún dos principais retos e problemas ambientais do planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	O século XVIII e a crise do Antigo Réxime	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Distingue algúns dos principais cambios políticos, económicos e sociais que se produciron no s. XVIII.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Identifica as principais causas e os feitos da Revolución francesa.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Recoñece algúns dos principais feitos do s.XVIII e as súas consecuencias.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Investiga sobre un feito ou personaxe histórico relevante.	TI	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Investiga sobre un feito ou personaxe histórico relevante.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elabora un comentario de texto básico.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza un esquema de síntese relacionado coa Revolución francesa (causas, fases...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.</li> <li>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Orixe e características da Revolución industrial	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Distingue as características principais da 1ª e da 2ª Revolución industrial.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Identifica os trazos fundamentais do proceso da industrialización.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Recoñece algunhas das principais consecuencias da Revolución industrial.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa un cadro coas características das revolucións industriais.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Investiga sobre algunha das principais innovacións que se produciron na época.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Investiga sobre algunha das principais innovacións que se produciron na época.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Investiga sobre algunha das principais innovacións que se produciron na época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.
- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de

## Contidos

- mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso, necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Traballo individual, no que se terán en conta aspectos como:

- A capacidade de descrición, de relación e de análise dos conceptos históricos e xeográficos.
- A expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita.
- Os conceptos específicos da U.D.
- Desenvolvemento de actitudes cara á materia.
- Grao de consecución das competencias básicas.

O traballo en grupo, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.

Os instrumentos de avaliación deben cumprir os seguintes requisitos: Serán variados para permitir avaliar distintas capacidades e o diferente nivel de adquisición dos contidos. Deben proporcionar información concreta do que se pretende. Serán os seguintes:

- A observación, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudinais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica. Observarase o respecto entre os compañeiros e respecto ao profesor. Ademais terase en conta a limpeza e o coidado tanto da aula como o do seu propio material e o dos compañeiros.
- As probas, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados e estableceranse nun contexto de negociación das mesmas co alumnado a quen van orientadas. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación. Mediante estas probas comprobarase a comprensión e asimilación dos estándares establecidos.
- Os traballos de clase e os traballos voluntarios permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.
- Supervisarase o Caderno de traballo para ter coñecemento sobre a realización de todas as tarefas encomendadas, a correcta expresión oral e escrita e a limpeza na presentación.

Os instrumentos de avaliación, cualificación e promoción serán os seguintes:

- Farase unha proba inicial a principios do curso para detectar o nivel do alumnado. Poden servir as primeiras actividades do curso. Será orientativa e non cuantificable nin avaliabile.



- Realizaranse probas escritas acordadas con antelación suficiente entre profesorado e alumnado. Serán dúas por avaliación. A estrutura de estas poderá incluír cuestións teóricas e prácticas, especificando a puntuación de cada unha. Os exercicios prácticos constarán de mapas para localizar, identificar; comentarios de feitos históricos; gráficos; diagramas de sectores, de barras...; comentarios de láminas de arte e de fotografías... As cuestións teóricas serán variadas e incluírán preguntas de definir, de relacionar, de razoar e deducir, de explicar, de sintetizar e esquematizar...
- Haberá exercicios diarios tanto orais como escritos.
- O profesorado revisará periodicamente os cadernos de clase. Comprobará o seu contidos: explicacións, exercicios, resumos, traballos... Valorará a boa presentación, que estean ao día e completas, a ausencia de erros ou a corrección dos mesmos...
- Haberá traballos. Entendemos por traballo todas aquelas actividades que implican busca de información en libros, internet..., planificación, organización e presentación. Estes traballos poderán ser realizados en diferentes soportes (papel, soporte dixital, multimedia...).
- As lecturas son voluntarias e como tal so poden ser avaliadas ao final do proceso. Serán un mínimo de unha e un máximo de tres ( neste caso unha por avaliación).
- Tanto nas probas escritas como no caderno de clase valorarase a presentación, a expresión e a corrección ortográfica.
- Tamén se terán en conta as intervencións ante o conxunto da clase o en grupo.
- Outros aspectos a considerar serán a observación da actitude cotiá dos alumnos, o grao de interese e participación nas tarefas escolares, a atención ao profesor, a puntualidade, o comportamento... Estes aspectos teñen unha avaliación continuada, valorando ou penalizando a súa evolución durante o curso.
- A plantilla de observación do profesor debe recoller en cada avaliación algún elemento avaliable sobre intervención do alumno/a na clase, grao de interese, participación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Xeografía e Historia 3º ESO (Ed. Vicens Vives).

Os materias e recursos didácticos empregados na materia serán os seguintes:

- O libro do alumnado para a área de Xeografía e Historia 3º ESO (Ed. Vicens Vives), na súa versión física e dixital.
- Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Emprego das novas tecnoloxías: aula virtual, aplicacións móbiles, suite de Google, programas de presentación de contidos, recursos audiovisuais...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso levarase a cabo unha proba de avaliación que terá como obxectivo principal facer unha valoración inicial do nivel de coñecementos previos do alumnado do curso. Para iso, realizarase unha proba que, xunto coas observacións de clase, permitirá detectar as principais carencias e os puntos fortes do noso alumnado. Os resultados desta proba inicial son meramente orientativos, polo que os resultados obtidos non serán cuantificados nin incluídos na avaliación do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>9</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A concreción dos criterios de avaliación do curso son os seguintes:

- Probas obxectivas: 70%
- Tarefas e comportamento socio-educativo: 30%

Para a cualificación obxectiva da materia realizaranse un mínimo de dúas probas escritas por avaliación que poden complementarse con outro tipo de probas como os exames orais, cuestionarios ou probas de tipo test entre outras.

A nota restante obterase a partir da valoración do traballo realizado ao longo de cada avaliación en forma de exercicios de clase ou por medio da aula virtual, traballos de investigación e proxectos, tanto de forma individual como en grupo.

Así mesmo, valoraranse aspectos relacionados coa actitude do alumnado cara a materia e na aula, tales como a participación, o interese, o respecto e o cumprimento das normas. Estes aspectos serán tidos en conta a partir da observación na aula.

As cualificacións que obteña o alumnado nas distintas avaliación do curso serán redondeadas á alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a 5 e á baixa cando sexan inferiores.

#### **Criterios de recuperación:**

Aqueles alumnos/as que teñan suspenso a 1ª avaliación deberán facer unha recuperación ao comezo da 2ª. O exame avaliarase sobre 10 puntos e será necesario chegar ao 5 para recuperala.

Na última avaliación, levarase a cabo unha proba final á que deberá presentarse o alumnado con algunha avaliación suspenso. Nesta última proba o docente poderá, se así o considera, ter en conta a entrega de tarefas ata un máximo do 30% da nota. Para que estas tarefas sexan tidas en conta, o alumnado deberá acadar unha nota mínima dun 3 no exame.

Co obxecto de facilitar o estudo da materia ao alumnado con máis dificultades de aprendizaxe, o docente poderá reducir e/ou simplificar os contidos teóricos.

O alumnado que non acade un 5 nesta proba final terá a materia suspenso ou pendente de recuperación no caso de promocionar para o seguinte curso.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de Xeografía e Historia de 3º da ESO coa materia pendente de 2º deberá realizar unha proba en cada unha das avaliacións nos días e horas establecidos pola dirección do centro. Para o presente curso 2022 - 2023, o calendario das probas será o seguinte:

1ª avaliación: 13 - 17 de Novembro.

2ª avaliación: 5 - 9 de Febreiro.

3ª avaliación: 22 - 26 de Abril.

Para a valoración e distribución dos contidos da materia, o/a docente deberá ter en conta o informe de pendentes elaborado pola persoa responsable da materia no curso anterior, de tal maneira que se poda facer unha distribución equitativa dos mesmos entre as distintas avaliacións.

O resultado de cada unha das probas suporá un 70% da nota, quedando o 30% restante para a cualificación dun caderno con actividades de reforzo que o docente facilitará ao alumnado para a preparación dos contidos en cada unha das avaliacións. Deste xeito, os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Cualificación de cada avaliación: nota do exame x 0.7 + nota das actividades x 0.3.

- Cualificación final da materia pendente: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

A nota final necesaria para recuperar a materia será de 5. O alumnado que non consiga superar algunhas das avaliacións, terá a posibilidade de facelo na última avaliación.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Concrecións metodolóxicas:

Para dar resposta á atención á diversidade seguimos a normativa marcada na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

No Capítulo IV da orde establécese dous tipos de medidas educativas:

Medidas Ordinarias (sección 1ª): todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

- Adecuación de la estructura organizativa del centro, y de la organización y la gestión del aula a las características del alumnado.

- Adecuación de las programaciones didácticas al alumnado y a las circunstancias de su entorno.

- Adaptación de los tiempos, de los instrumentos y de los procedimientos de evaluación.

- Aulas de atención educativa y convivencia.

- Refuerzo educativo y apoyo del profesorado con disponibilidad horaria.

- Programas de enriquecimiento curricular.

- Plan de refuerzo para el alumnado de educación secundaria obligatoria que pase de curso con materias sin superar.

- Plan específico personalizado para el alumnado de educación secundaria obligatoria que permanezca un año más en el mismo curso.

- Programas de habilidades y competencias sociales.

Medidas extraordinarias (sección 2ª): todas as dirixidas a das resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poidan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez agotadas as de carácter ordinario ou por resultar insuficientes.

- Adaptacións curriculares.

- Agrupamentos flexibles.

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

- Flexibilización da duración do período de escolarización.

- Programas de diversificación curricular.

No presente curso de 3º da ESO (2022 - 2023) hai varios alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) relacionadas cos trastornos de TEA (Asperger) e TDAH. Partindo dos protocolos elaborados pola administración educativa, estableceranse as seguintes medidas ordinarias:

- Situarase ao alumnado cerca da mesa do profesor/a.
  - Asegurarnos en cada momento que o alumnado entende as indicacións realizadas en clase.
  - O alumnado contará co tempo que sexa necesario para a realización das distintas probas.
  - No caso de dificultades á hora de realizar os exames escritos poderá propoñerse a realización de probas orais.
  - Simplificaranse os enunciados das preguntas, evitando a realización de máis dunha pregunta por actividade.
  - Non se terán en conta os fallos relacionados coa ortografía ou a composición do texto.
  - Evitarase a realización de máis dun exame por día.
  - Daranse a coñecer as datas das probas de avaliación co suficiente tempo de antelación.
  - Á hora da realización do exame procurarase que o alumnado leve a conta do tempo e de que revise a proba antes de entregala.
  - Os exames realizaranse cun tipo de letra fácil de ler (arial, calibri...) e cun tamaño mínimo de 14, así como se procurará destacar en negrita e subliñando as ideas principais co obxectivo de facilitar a súa interpretación.
- Ademais do alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Educativo (NEAE), no presente curso hai unha alumna con Necesidades Educativas Especiais (NEE) asociadas ao déficit cognitivo e o TDAH. Ademais das medidas ordinarias anteriormente citadas, a alumna contará coas seguintes medidas extraordinarias:
- Adaptación Curricular (AC) dos contidos da materia.
  - Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión escrita e oral.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A educación en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión escrita e oral.	X	X	X	X
ET.2 - As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)	X	X	X	X
ET.3 - A educación en valores.	X	X	X	X

#### Observacións:

En todos os contidos da materia de Xeografía e Historia fomentárase a correcta expresión oral e escrita. Para tal fin pretendemos traballar a lectura, non só dos manuais, senón tamén de textos xornalísticos e de libros de contido histórico, ademais de favorecer a expresión escrita mediante a realización de composicións, resumos e comentarios de mapas, gráficas, láminas e textos.

Por medio das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) o alumnado poderá ampliar, aclarar ou completar contidos. Para iso, empregárase os recursos informáticos, así como os dispositivos móbiles para a consulta de fontes de información e para a realización de traballos e proxectos de investigación. Deste modo, empregáranse recursos web e audiovisuais, aplicacións móbiles e programas de texto e de elaboración de presentacións entre outros.

Outro aspecto transversal a considerar será o da educación en valores, para que o alumnado se integre nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade. Deste modo, preténdese o desenvolvemento do alumnado como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída didáctica (por definir).	Visita a un lugar de interese de Galicia.			X
Sesión de cine.	Visualización dun filme no cine NUMAX de Santiago ("Cine na Escola").	X		

### Observacións:

Ao longo do curso realizaranse saídas de carácter didáctico que permitan complementar os contidos e obxectivos do curso:

- Na 1ª avaliación realizarase unha sesión de cine ao abeiro do proxecto "NUMAX na escola". Esta actividade pode levarse a cabo en colaboración cos departamentos de Lengua Castellana e Lingua Galego.
- Na 3ª avaliación farase un roteiro de interese natural e paisaxístico en colaboración co departamento de Educación Física.

Estas actividades de carácter complementario deben servir tamén para fomentar os valores cívicos e a convivencia entre o alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.
Cando comezamos unha unidade ou tema novo, os alumnos/as coñecen: os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como se os avaliará.
Avalío a idoneidade da metodoloxía e dos recursos empregados no proceso de aprendizaxe.

Consulta a programación ao longo do curso, en en caso necesario realizo modificacións.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao inicio do curso indago sobre a composición da clase consultando informes previos e realizando probas.
Motivo aos meus alumnos/as comunicándolles os obxectivos que quero conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas.
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os intereses.
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (procura de información, traballos, investigacións...)
Suscito tarefas e logros diferentes.
Emprego recursos e materiais variados.
Emprego instrumentos claros para avaliar competencias.
Propoño actividades que contribúen ao aprendizaxe autónomo como búsqueda de información, traballos....
Propoño exercicios que favorezan o razoamento.
Realizo diferentes tipos de probas: exames escritos, orais, traballo individual e traballo en equipo.
En canto a metodoloxía, ademais das explicacións teóricas e o libro, emprego as ferramentas TIC.
Emprego o tempo lectivo explicando, resolvendo dúbidas, escoitando e observando ao alumnado
Informo os alumnos/as sobre os contidos da programación, obxectivos, criterios de avaliación e metodoloxía.
Especifico na programación os obxectivos e competencias que son básicas.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Estudo a forma de idónea de organizar e distribuir ao alumnado na aula.
Organizo o tempo da clase e procuro, na medida en que é posible, darlle protagonismo ao alumnado.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase.
Plantexo exercicios e probas de diferente complexidade tendo en conta a diversidade.
Propoño metodoloxías diversas en función das características do alumnado.
A programación do Departamento ten en conta a diversidade.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Reúnome cos meus compañeiros para avaliar os procesos de aprendizaxe e os resultados obtidos en cada avaliación e contempló a posibilidade de introducir cambios e modificacións en caso de necesidade.

**Descrición:**

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe como da propia práctica docente será continua e contemplará as necesidades específicas do alumnado polo que poderase adaptar e modificar en caso de ser necesario.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación ao alumnado individual ou ao conxunto do grupo deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

Ademais dos indicadores que permiten valorar o proceso de ensino tamén contemplamos, en relación á práctica docente, o establecemento de indicadores de logro que axuden a facer un seguimento de:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,¿
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

As sesións de avaliación permitirán valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Establecemos a seguinte rúbrica para axudar a levar a cabo os obxectivos marcados:

Escala de valoración

1. Idoneamente
2. Suficiente
3. Con dificultade

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os compoñentes do Departamento de Xeografía e Historia habilitarán as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas para corrixir calquera carencia o dificultade atopada durante o curso. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Os profesores de Xeografía e Historia pretendemos promover a autoavaliación da realización das programacións didácticas. Para levar a cabo esta reflexión empregaremos diferentes ferramentas e rúbricas como as expostas abaixo:

- Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase é o adecuado as características do grupo
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.
- Considerouse a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento de contidos, ...).
- Observáronse aprendizaxes significativos.
- Grao de seguimento dos alumnos.
- Validez dos recursos utilizados na clase para os aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores
- Os criterios de avaliación positiva están vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables do aprendizaxe.
- Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación son coñecidos por alumnos e familias
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes
- Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos

A escala de valoración para a medición do grao de cumprimento da Programación Didáctica é a seguinte:

1. Idoneamente
2. Suficiente
3. Con dificultade

## 9. Outros apartados